




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: ría de Aldán e Costa da Vela. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío. Extensión: 1,33 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa de potentes paredes acantiladas apoiadas en vertentes de perfil convexo modeladas nun substrato granítico que lle dá á paisaxe un aspecto masivo, irregular e con abundancia de afloramentos rochosos. Na base acantilada son frecuentes as acumulacións de grandes bloques e a formación de illotes como resultado da intensa dinámica erosiva. As pendentes superan xeralmente o 30% de desnivel, aínda que a potencia acantilada diminúe dende o sur, xa que é no extremo meridional onde se atopa o punto culminante da unidade: o monte Facho, a 184 m s. n. m. Inclúe o EIX Relevo acantilado da Costa da Vela.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dende o punto de vista litolóxico, a unidade caracterízase pola presenza case exclusiva de granitos de feldspato alcalino que, cara ao sur, presentan lineacións de micas e, cara ao norte, presentan numerosas fracturas de dirección OSO-ESE. Cara á parte meridional da unidade atópanse tamén áreas illadas de depósitos coluviais cuaternarios, froito do dismantelamento dos relevos circundantes.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual superior a 15 °C e oscilación térmica entre 12,5 °C e 13,5 °C. No tocante ás precipitacións, hai diferenzas entre a metade norte da unidade, que recibe entre 1200 mm e 1400 mm ao ano, e a metade sur que, polos seus acantilados máis potentes, recibe un índice maior de precipitacións (entre 1400 mm e 1600 mm). Por este motivo, o dominio climático varía de cálido-húmido no norte a cálido-moi húmido no sur.

OS SOLOS

Costa acantilada caracterizada polos solos pobres, pouco desenvolvidos, de perfil esquelético e con abundancia de afloramentos rochosos no horizonte superior. A superficie da unidade repártese entre leptosoles líticos e regosoles e, localmente, algún umbrisol dístrico en pequenas valgadas.


AS AUGAS

A rede hidrográfica da unidade restrínxese a pequenos arrosios que forman valgadas, cuxa desembocadura aproveita as liñas de debilidade do terreo: praias e enseadas. As augas costeiras identifícanse co código 20155.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Medio mariño das Rías Baixas. Unidade incluída no LIC Costa da Vela, agás as cimas do sector central. Acantilados moi potentes onde se representan os hábitats 1230 (acantilados mariños atlánticos) e 1210 (vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados). Nas vertentes desenvólvense, en xeral, brexeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans, e nun amplo sector da parte sur aparecen áreas asimilables ás brexeiras oromediterráneas endémicas con toxo. Tamén se pode desenvolver a brexeira seca europea (4030). En diferentes partes da unidade, especialmente no sur, existen afloramentos que podemos relacionar cos ambientes do grupo 82 de hábitats (pendentes rochosas con vexetación casmofítica). En valgadas, alvéolos e depresións somitais, aparecen brexeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erica tetralix (4020); e onde non aparecen matogueiras pero si herbáceas, existe potencialidade para o hábitat 6430 (prados mediterráneos de herbas altas do Molinion-Holoschoenion).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As formacións vexetais costeiras, entre as que predominan as brexeiras secas, ocupan a maior parte da superficie da unidade; pero sobre esta cuberta intercálanse, en zonas máis afastadas da fachada litoral, onde a acción do vento oceánico non é tan intensa, masas de árbores de repoboación e algún bosque de recolonización. Cabe destacar que na zona norte da unidade, constituída pola Punta Couso, está instalado un asentamento espontáneo. O marisqueo é un uso característico e asociado a esta unidade.

MORFOLOXÍA

Unha urbanización privada de carácter turístico instalada sobre os acantilados é o único elemento construtivo desta unidade, no Alto da Cruz. A ausencia de poboación caracteriza estas escarpadas e pedregosas ladeiras da Costa da Vela.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O único que cabe sinalar é algunha senda tradicional que percorre a unidade de norte a sur e permite acceder á vertente acantilada. O asentamento de Punta Couso xerou o trazado de camiños entre os distintos elementos construídos.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na unidade non existen restos arqueolóxicos que testemuñen antigos asentamentos humanos, nin tampouco elementos patrimoniais recoñecidos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe desta unidade é un claro exemplo dos grandes acantilados e relevos agrestes: trátase dunha liña costeira recortada e moi batida polo océano. Nos arredores de Punta Couso existe unha serie de pequenos illotes e baixíos rochosos (As Osas, Cabalo de Aldán, A Chousa). Cara ao interior, destaca a proximidade das cimas dos montes (Alto da Fontecha e Alto do Couso) ao mar. A unidade responde a unha organización natural, xa que o crecemento das especies está vinculado a variables topográficas que definen tanto o seu crecemento como a composición final da paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase un abandono das actividades tradicionais, dadas as difíciles condicións do relevo, que outrora ocupaban o lugar de Sobrada, límite da unidade. Isto propiciou a recuperación de masas vexetais costeiras e dunha masa de árbores de repoboación. Tamén se consolidaron algunhas construcións dispersas en Punta Couso.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade, conxuntamente coa unidade Costa da Vela, constitúe un fito paisaxístico na península do Morrazo. É unha paisaxe abrupta de gran naturalidade, onde os cantís mariños acadan a cota máis alta de toda a Costa da Vela, cun máximo de 159 m. O alto valor natural e ecolóxico da área, incluída dentro das zonas ZEPA e LIC da Costa da Vela, incrementan a súa importancia paisaxística. Dende o Alto do Couso podemos obter unhas impresionantes panorámicas de toda a fachada acantilada da unidade, da ría de Aldán e, como fondo escénico, de cabo Udra. Interesante destacar a ampla panorámica apreciable dende a Punta do Couso. Este punto serve como mirador didáctico das outras unidades.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



